

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



O autoretrato *El sueño* (*La cama*) de Frida Kahlo (1940), a obra máis cara pintada por unha muller tras a subasta do 20 de novembro da casa Sotheby's

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	4
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS.....	4
CONVOCATORIAS.....	5
SUXESTIÓNS.....	6
RECURSOS.....	6
REVISTAS.....	12
NOVAS DO DUVI.....	14
NOVAS.....	15
DATOS.....	16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....	17

DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
47	1	2	3	4	5	6 <small>Día da Constitución</small>	7
48	8 <small>Inmaculada Concepción</small>	9	10	11	12	13	14
49	15	16	17	18	19	20	21
50	22	23	24	25 <small>Día de Nadal</small>	26	27	28
51	29	30	31	1	2	3	4

AXENDA

Entrega de **premios GirlGeekPower da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo**

Data por confirmar, publicarase a través das canles habituais da universidade e nos persfiles en redes sociais da Unidade de Igualdade.

Presentación do informe do **Observatorio de Machismo Dixital da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo**: *Radiografía da violencia machista dixital. Unha análise crítica da representación na prensa dixital galega.*

Data por confirmar, publicarase a través das canles habituais da universidade e nos persfiles en redes sociais da Unidade de Igualdade.

FORMACIÓN

Feminismo de clase. Xenealoxías e debates contemporáneos entre marxismo e feminismo. (ES) [+Info](#)

Do 9 de decembro de 2024 ao 3 de febreiro de 2025. Modalidade híbrida, presencial e en liña.

Taller formativo «A linguaxe inclusiva no ámbito laboral». (GA) [+Info](#)

Esta formación levarase a cabo a través dunha sesión en liña que terá lugar o 10 de decembro de 2025 de 16:30 a 18:30 h. Prazo de inscrición: ata o martes, 09 de decembro, ás 23:59 h.

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) [+Info](#)

Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdade en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponíbeis os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñíbeis. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.

Inscrición aberta ata cubrir as prazas dispoñíbeis. (ES) [+Info](#)

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS

Coloquio internacional de Estudos das Mulleres e de Xénero. Xenealoxías feministas: no fío da memoria. Homenaxe a Margarita M. Birriel Salcedo. Do 10 ao 12 de decembro de 2025 na Universidad de Granada. (ES e EN) [+Info](#)

V Xornada de reflexión sobre o acoso na universidade. Terá lugar na Universidad de Sevilla o 11 de decembro de 2025. [+Info](#)

II Congreso Cátedra UB de Perspectiva de Xénero e Feminismos Cidade de Cornellà. Universitat de Barcelòna, do 10 ao 12 de decembro de 2025. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos e Feministas Comparados. Universidad de Cadiz, 12, 13 e 14 de xaneiro. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Revista *Journal of Women & Aging*: Número especial: Reimaxinando a menopausa: cara un enfoque inclusivo, corporal e interseccional.

Data límite para resumos: 19 de decembro de 2025. Entrega de manuscritos: 20 de abril de 2026. [+Info](#)

Revista *Journal of Gender-Based Violence* Número especial: Reimaxinando a violencia doméstica usando un marco de control coercitivo: reflexionando e celebrando o legado de Evan Stark.

Prazo aberto ata o 19 de decembro de 2025. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Jóvenes Hispanistas sobre Estudos Literarios Femeninos: «(Re)escrituras del canon: autoría feminista, genealogías críticas y poéticas disidentes».

Data: 18, 19 y 20 maio 2026. Propostas de relatorio ata o 31 de decembro de 2025. [+Info](#)

Revista *Feminismo/s* número 49 (publicarase en xaneiro do 2027). Cineastas africanas: sociedade, cultura y política.

A data límite para o envío de artigos a través da páxina web da revista é o 31 de xaneiro de 2026.

Revista *Cuestiones de Género de la Igualdad y la Diferencia*.

Está aberta a convocatoria 2025-2026 para o envío de artigos para formar parte do monográfico sobre Mulleres na historia de América Latina e o Caribe: Axencias, desafíos achegas desde a época moderna ata a actual, ata o 28 de febreiro de 2026. [+Info](#)

Revista *Journal of Women in Culture and Society. Crisis*.

Convocatoria aberta para o envío de artigos de análise crítica sobre a intersección entre xénero, sexualidade e as actuais crises políticas, climáticas e sociais. Aberta ata o 1 de marzo de 2026. [+Info](#)

Revista *Sexuality Research and Social Policy*. Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates.

A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)

***Behavioral Sciences*.** Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención.


Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)

***JMIR Medical Education*:** Nesgos, Diversidade, Inclusión, e Competencia cultural en Educación Médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)

SUXESTIÓNS

Actualmente estamos nunha etapa dos feminismos que se articula como unha «reacción á reacción» descrita por [Susan Faludi](#), que tivo como epicentro os países de América Latina (Arxentina, México) e Europa (España, Polonia), coincidindo coa emerxencia do feminismo dixital e as denuncias da violencia sexual e polo dereito ao aborto

A globalización facilitada por Internet e as tecnoloxías da comunicación impulsou a forza internacional e interseccional deste movemento, que agora se atopa no centro do debate social e político. Isto fixo que, en poucos anos, as redes sociale se convertiran nas principais difusoras de consciencias feministas; como tamén servíu como vía máis accesible para dar a coñecer outros feminismos menos visibles. Este proceso permitiu amosar unha imaxe plural ao tempo que se facían máis mediáticas as tensións entre as diferentes figuras e correntes, tanto no ámbito académico como activista.



Angela [McRobbie](#) e [Susan Faludi](#)

Porén, a popularización do feminismo mediante formatos da cultura popular comporta tamén retos importantes. Por unha banda, logra ampliar a base social e acadar espazos de visibilidade antes impensables; por outra, esa difusión masiva pode derivar nunha banalización dos contidos, reducindo o feminismo a mensaxes superficiais ou consumibles facilmente, descontextualizando reivindicacións políticas e teóricas complexas. O auxe destes contidos pode eclipsar as análises profundas sobre o patriarcado, a explotación, a interseccionalidade ou as violencias machistas, ao tempo que corre o risco de fomentar unha visión individualista e comercial do activismo feminista.

O termo «feminismo pop» ([McRobbie, Angela, 2009](#)) fai referencia á apropiación dos discursos feministas por parte dos medios de comunicación, a industria da moda, as redes sociais e outros espazos culturais de masas que, dende finais da década de 2010, facilitaron a expansión do feminismo como concepto e identidade colectiva. Esta expresión amosa como o capitalismo ofrece recursos que reducen o feminismo a unha tendencia, un lema, un produto máis para consumir ou mesmo unha «marca» que conecta con persoas de todas as idades a través de slogan pegadizos, obxectos de promoción comercial e contidos virais. En resumo, esta apropiación neoliberal pon a disposición bens de todo tipo para manter a cultura do consumo e dificulta comprender as dinámicas de poder que sustentan a desigualdade de xénero. Pola contra, a análise crítica que se articulou nos últimos cincuenta anos a través dos Estudos de Xénero é propositiva, repensa, reconstrúe e cuestiona de forma rigurosa e analítica as relacións e o mundo que habitamos en todas as súas dimensións.

Tomáronse elementos do feminismo que se incorporaron plenamente á vida política e institucional e, baseándose nun vocabulario que inclúe palabras como «apoderamento» e «elección», convértese nun discurso moito máis individualista, e así expándese, particularmente nos medios e a cultura popular e polas estruturas oficiais, como unha especie de substituto do feminismo.

ANGELA MCROBBIE



Angela Davis, Silvia Federici e Judith Butler

Isto tamén incide en como nos achegamos ao pensamento de referentes como Angela Davis, Judith Butler ou Silvia Federici, por citar algunhas das máis populares, que se converteron en figuras famosas e seguidas a nivel mundial, o que supón un maior recoñecemento do feminismo académico. Sen embargo, [este interese non se traslada á lectura e o debate](#) da súa obra o que supón un achegamento algo máis superficial e limita a posibilidade de incidencia das súas propostas na transformación social para á igualdade de xénero.


Mais non todas as propostas que parten da cultura pop manteñen esta perspectiva. O proxecto de innovación docente [The @Filosoclips](#) describe unha experiencia realizada durante o curso 2017/2018 na Universidad de

Málaga. O seu obxectivo era introducir textos de pensadoras feministas no currículo oficial de Filosofía do Bacharelato e Secundaria en España, empregando como recurso pedagóxico elementos da cultura pop, para o que conectaban vídeos musicais do interese do alumnado con textos e referencias dos Estudos de Xénero.

Os resultados mostran que a inclusión de autoras feministas e temas vinculados ás experiencias das alumnas - como as mobilizacións do 8M deses dous anos- tivo un impacto positivo na súa motivación, na identificación coas materias e na capacidade de reflexión crítica sobre o seu entorno. Esta iniciativa amosa a posibilidade de combinar cultura popular e pensamento feminista para promover aprendizaxes relevantes e conectadas coa realidade da mocidade, ao tempo que promove unha filosofía máis inclusiva e plural.

Nas últimas décadas, podemos identificar numerosos exemplos de figuras da música ou do cine que teñen utilizado [símbolos emancipadores](#) ou [relixiosos](#) como un recurso estético. A miúdo comprobamos que se popularizan imaxes e escenas que parecen subversivas ou liberadoras, pero en moitos casos ocúltase ou ignórase o o que supón en relación ao xénero. Estes usos poderían ser unha oportunidade para que nos espazos educativos se promova unha análise crítica destas mensaxes, en relación aos contidos teóricos ou ás reivindicacións históricas do feminismo.

De feito, este interese social polas cuestións vinculadas á igualdade, e as demandas para seguir aprofundando nesta perspectiva, non se corresponde coa súa incorporación aos contidos docentes en ningunha etapa educativa, o que fai que se manteña de forma maioritaria unha mirada androcéntrica. Estas carencias fan que moitas veces resulte un esforzo extra dispoñer de [recursos](#) para non reproducir a transmisión dun contido incompleto e con nesgos de xénero. No caso da docencia universitaria, é importante destacar os premios Egeria, que recoñecen a inclusión da perspectiva xénero en TFG, TFM e teses de doutoramento na UVigo, a colaboración das tres universidades do SUG para ofrecer guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero, o Itinerario Formativo Virtual en Xénero ou a Xornada Universitaria Galega en Xénero que vai xa pola súa novena edición.



Ilustracións do calendario realizada por Nadina Bértolo Sanjuan

No caso da perspectiva de xénero na investigación, debería comprenderse como o que é, unha condición de calidade e excelencia. O [almanaque de igualdade](#) do ano 2025 da Unidade de Igualdade, que este mes despedimos, recolleu mes a mes artigos que mostran como ignorar o sexo e o xénero leva a erros graves: desde fármacos probados case só en varóns ata dispositivos médicos que funcionan peor en mulleres. Integrar esta perspectiva significa preguntarse quen investiga, sobre que se investiga e que preguntas quedan fóra, para evitar nesgos que reproducen desigualdades e deixan á poboación sen respostas axeitadas.

O calendario tamén recolle exemplos de estudos que revisan a prevalencia e o diagnóstico diferencial de enfermidades cardiovasculares en mulleres, a análise das violencias machistas dixitais ou a investigación sobre coidados e saúde mental, onde a perspectiva de xénero permite detectar riscos, necesidades e solucións que permanecían invisibles cando a ciencia asumía un «suxeito neutro», que en realidade resultaba ser masculino.

No contexto europeo, resultou significativo cando o programa de financiamento Horizonte Europa estableceu a perspectiva de xénero como criterio de elixibilidade. Isto supuxo que as institucións debían dispoñer de plans de igualdade e os proxectos deben xustificar como incorporan a dimensión de xénero no contido da investigación para poder seren financiados. Do mesmo xeito, editoriais e revistas de alto impacto como *Nature* ou *The Lancet* están a introducir directrices específicas para que os artigos indiquen se tiveron en conta o sexo ou o xénero no deseño, mostraxe, análise e interpretación de resultados, o que obriga a revisar metodoloxías e categorías analíticas.

O significado do feminismo varía dunha persoa a outra, como tamén sucede co termo igualdade, que está en constante tensión. Isto non ten porque ser unha limitación, senón que podería permitir ampliar a súa influencia e integrar diferentes experiencias e saberes situados. No ano 2025, o persoal continúa a ser político, e isto significa que vai máis alá do propio, que se relaciona co que ten que ver coas outras persoas, co colectivo. E para iso precísase desenvolver e adestrar a capacidade crítica e promover o rigor académico e investigador dos Estudos de Xénero.



RECURSOS

Xuventude, traballo e equidade: repensando o traballo decente desde unha perspectiva de xénero. (EN) [+Info](#)

Situación dos centros de crise para vítimas e superviventes de violencia sexual. (ES) [+Info](#)

EVA e as aventureiras do ceo. (ES) [+Info](#)

O xénero asignado á IA afecta á cooperación entre humanos e IA. (EN) [+Info](#)

Soidade e conexión na idade adulta emerxente: a ambivalencia da socialidade nunha época de transicións. (EN) [+Info](#)

Teletraballo e división do traballo doméstico: o papel das actitudes de xénero en Alemaña. (EN) [+Info](#)

A importancia dos grupos de apoio mutuo entre mulleres na loita fronte á violencia machista. (GA) [+Info](#)

Resolución na que se aproba o IV Plan para a igualdade de xénero na Administración Xeral do Estado e nos Organismos Públicos vinculados ou dependentes dela. (ES) [+Info](#)

Un sorteo antes da revisión por pares está asociado cun aumento da representación feminina e cun menor custo económico estimado nunha liña de financiamento alemá. (EN) [+Info](#)

Violencia de xénero e reparación económica: presentar o caso desde un novo enfoque. (EN) [+Info](#)

Innovacións biomédicas na anticoncepción: lagoas, obstáculos e solucións para a saúde sexual e reproductiva. (EN) [+Info](#)

A matriculación universitaria, a residencia no campus, o movemento contra a violación nas universidades e o risco de violencia sexual entre mulleres de 18 a 24 anos. (EN) [+Info](#)

Desafiando a cegueira de xénero na docencia universitaria. Guía práctica para a formación de profesionais do ámbito socioeducativo con infancia, adolescencia e familia. (ES) [+ Info](#)

Guía práctica para la formación de profesionales del ámbito socioeducativo con infancia, adolescencia y familia. (ES) [+ Info](#)

Masculinidade inventora: innovación, competencia e privilexio masculino na ciencia académica. (EN) [+Info](#)

Do extremo norte á extrema dereita: a masculinidade branca e o mito de Hiperbórea. (EN) [+Info](#)

Masculinidades do coidado e as políticas de representación feminista nos medios portugueses. (EN) [+Info](#)

Rompendo barreiras: dez pasos esenciais para acadar a igualdade de xénero no ámbito académico a través das sociedades científicas. (EN) [+Info](#)

Medo aos tiroteos masivos e opinión sobre o control de armas: Un estudo en persoas adultas emerxentes na América contemporánea. (EN) [+Info](#)

Auto-obxectificación e a capacidade de buscar información sobre riscos na toma de decisións sobre cirurxía estética feminina. (EN) [+Info](#)

O nexo da socialización, a alfabetización, a capacidade e o benestar financeiros: perspectiva das mulleres mediante un enfoque de modelado por ecuacións estruturais. (EN) [+Info](#)

O desenvolvemento humano e a desigualdade de xénero están asociados coa aptitude cardiorrespiratoria: unha revisión sistemática global do pico de VO₂. (EN) [+Info](#)

A xeración multilingüe de texto a imaxe magnifica os estereotipos de xénero. (EN) [+Info](#)

Mulleres, adiccións, saúde mental, deshonestidade e estigma da delincuencia: solucións para reducir os danos sociais do estigma. (EN) [+Info](#)

Disparidade de xénero no transplante pulmonar no sistema de puntuación de asignación pre e pos-transplante composto. (EN) [+Info](#)

Resultados adversos do embarazo e risco a longo prazo de fibrilación auricular. (EN) [+Info](#)

Informe anual CIMA. A representación das mulleres do sector cinematográfico da longametraxe española. (ES) [+Info](#)

Contrataríate ChatGPT? A túa idade e o teu xénero importan. (EN) [+Info](#)

«Se un calzado fose deseñado a partir do pé dunha muller, correría sen lesionarme?»: necesidades e preferencias de calzado para correr de corredoras recreativas e competitivas ao longo da súa vida. (EN) [+Info](#)

Adversidade social e incidencia de cancro de mama triplo negativo entre mulleres negras. (EN) [+Info](#)

Perspectivas sobre a equidade de xénero 2025: O poder do equilibrio. (EN) [+Info](#)

TEPT no ano posterior á agresión sexual: unha metaanálise de estudos prospectivos. (EN) [+Info](#)

Deseño de guías de práctica clínica para unha atención equitativa, inclusiva e contextualizada. (EN) [+Info](#)

Danos para mulleres e nenos derivados do consumo de alcol por parte dos homes: unha revisión da evidencia e indicacións para as políticas. (EN) [+Info](#)

Distorsión de idade e xénero nos medios en liña e nos grandes modelos lingüísticos. (EN) [+Info](#)

Nesgos de sexo e tabaquismo na selección de mutacións somáticas na vexiga humana. (EN) [+Info](#)

O cerebro dos homes encóllense máis rápido que os das mulleres: que significa isto para o Alzheimer. (EN) [+Info](#)

O legado de Jane Goodall: tres formas nas que ela cambiou a ciencia. (EN) [+Info](#)

Boletín núm. 8: Paridade e representación equilibrada de mulleres e homes. (ES) [+Info](#)

Unha análise con perspectiva de xénero das actividades de transferencia do coñecemento e emprendemento (TC+ E) no Sistema Universitario Español. Propostas para superar fendas. (ES) [+Info](#)

As mini placentas e ovarios revelan as bases da saúde das mulleres. (EN) [+Info](#)

Representación da dor e a ferida nos libros infantís ilustrados. Unha análise de contido. (EN) [+Info](#)

REVISTAS

- Gender & Society* Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Work & Organization*: Volume 32, Issue 6. (EN) [+Info](#)
- Biology of Sex Differences*. (EN) [+Info](#)
- Femeris*. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)
- Journal of Feminist, Gender and Women Studies*. (2025). (ES) [+Info](#)
- Revista igUALdad*. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)
- Social Politics*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexualities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Technology and Development*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025.) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*: Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI



Emma Torres Romay e África González Fernández, galardoada co Premio Meninas e co Premio María Josefa Wonenburger

Emma Torres recibe o premio Meninas polo seu compromiso coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

África González Fernández, premio María Josefa Wonenburger pola súa investigación en inmunoloxía e nanomedicina. (ES) [+Info](#)

O Instituto de Agroecoloxía e Alimentación premia catro imaxes sobre mulleres, ciencia e diversidade. [+Info](#)

A UVigo reivindica neste 25N a erradicación de todas as violencias machistas. [+Info](#)

Ante as violencias sexuais, a UVigo reafirma neste 25N o seu compromiso coa igualdade. [+Info](#)

Premian unha «comedia western» que cuestiona a masculinidade nun certame internacional. [+Info](#)

O recuncho de Manuela, Antonia e Tarsy na Facultade de Química. [+Info](#)

Campus Crea reivindica a creatividade en feminino. A exposición inicia en Belas Artes o seu percorrido por diferentes facultades. [+Info](#)

Inspira STEAM, sete anos aprendendo a 3 000 mozas e mozos a desbotar estereotipos de xénero nos ámbitos científico e tecnolóxico. [+Info](#)

Máis de 200 persoas participan nun congreso que aborda fisioterapia e deporte desde unha perspectiva de xénero. [+Info](#)

A exposición «Nada. Ninguén» fai memoria e homenaxe da resiliencia das mulleres na posguerra. [+Info](#)

NOVAS

O 43% das noticias que recolle o Observatorio de Periodismo Machista romantiza ou minimiza a violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

O Ministerio de Igualdade aproba o procedemento para acreditar sen denuncia situacións de violencia sexual. (ES) [+Info](#)

Durango aproba unha lei para sancionar as ciruxías estéticas en menores tras a controvertida morte de Paloma Nicole aos 14 anos. (ES) [+Info](#)

Un home agrede a dúas activistas de Femen na misa por Franco. (ES) [+Info](#)

O custo psicolóxico do acoso dixital que sofren as deportistas de elite nas redes sociais. (ES) [+Info](#)

Novo estudo: moitas mulleres poderían vivir con toxinas de fungos procedentes de alimentos. (ES) [+Info](#)

«O efecto disuasorio»: como o medo ás aplicacións de «nudificar» e ás *deepfakes* de IA está a manter ás mulleres indias fóra de internet. (EN) [+Info](#)

O protocolo de aborto terapéutico en Murcia obriga a pasar dous días en casa co feto xa falecido antes do expulsivo no hospital. (ES). [+Info](#)

A denuncia de Sheinbaum ao seu acosador, unha vía para sentar as bases do combate á violencia contra as mulleres. (ES) [+Info](#)

A vitamina D podería ser unha clave para acabar cos miomas uterinos. (ES) [+Info](#)

Estados Unidos trata de destruír un cargamento de anticonceptivos. (ES) [+Info](#)

As mulleres palestinas relatan como foron utilizadas como escudos humanos. (ES) [+Info](#)

A pobreza segue tendo rostro de muller. Antifeminismo ao asexo. (ES) [+Info](#)

Maruja Mallo, recoñecida polo Estado como vítima da represión do golpe e da ditadura. (GA) [+Info](#)

O audiovisual galego procura a diversidade no FIGA: «Hai que pensar nas historias que estamos perdendo». (GA) [+Info](#)

Laia Forné: «É urxente colectivizar e politizar a reprodución asistida». (ES) [+Info](#)

Mulleres, creadoras, referentes. (GA) [+Info](#)

Investigadores da UVigo crean unha aplicación que verifica informacións. (ES) [+Info](#)

Menos empregadas de fogar nun mercado laboral en expansión: «É un traballo durísimo». (ES) [+Info](#)

Aparece outro sitio sexista con mulleres espidas con IA. Francesca Barra tamén está entre as vítimas: «Sentínme avergoñada e asustada». (IT) [+Info](#)

«Un milagre médico»: é o sangue menstrual «a oportunidade máis pasada por alto» na saúde das mulleres? (EN) [+Info](#)

Begoña Vila, astrofísica da NASA: «Buscamos planetas como a Terra, e o telescopio Roman daranos candidatos». (GA) [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil. [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Punto lila virtual

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres.
[+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)